

CEIP

[Versión 1.0_ xuño 2022]

IES ALFOZ - VALADOURO

PLAN DIXITAL

Índice do Plan Dixital

Contenido	
<u>1. Introducción</u>	3
<u>1.1 Datos básicos do centro.</u>	3
<u>1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.</u>	3
<u>1.3. Breve xustificación do mesmo.</u>	4
<u>1.4. Proceso de elaboración.</u>	5
<u>2. Situación de partida</u>	5
<u>2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.</u>	5
<u>2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.</u>	6
<u>2.3. Análise DAFO.</u>	8
<u>3. Plan de Acción</u>	11
<u>3.1 Obxectivos, indicadores e accións</u>	11
<u>3.2 Necesidades de equipamento e infraestructuras tecnolóxicas</u>	16
<u>4. Avaliación do PD</u>	16
<u>4.1. Seguimento do Plan de Acción</u>	16
<u>4.2. Propostas de mellora (revisión)</u>	16
<u>5. Difusión do PD</u>	16

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro.

IES ALFOZ-VALADOURO, centro público de ensinanza secundariaO

código do centro é 27016649

Está situado no concello de Alfoz (C.P. 27.775), na Estrada de Mondoñedo-Ferreira, s/nº.

O NIF é Q 7750009H e o teléfono de contacto é 982 870051.

Correo electrónico: ies.alfoz@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/iesalfoz/

A plantilla do instituto está formada por 10 profesores/as con destino definitivo, 4 con destino provisional e 1 profesora de relixión, adscritos como segue:

- profesora de Bioloxía e Xeoloxía
- profesora de Ed. Física
- profesora de Ed. Plástica
- especialista en P. T.
- profesor/a de Francés
- profesora de Inglés
- profesora de L. Galega
- profesora de L. Castelá
- 2 profesoras de Matemáticas
- profesor de Música
- profesor de Tecnoloxía
- profesora de Xeografía e Historia
- Orientadora
- profesora de Relixión

Actualmente o centro conta con 76 alumnos/as.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

É un concello ubicado na Mariña Lucense.

O IES Alfoz-Valadouro creouse no ano 1996, nese curso impartíuse soamente primeiro de ESO e posteriormente fóronse incluíndo os outros cursos ata cuarto de ESO. O alumnado que se inclúe é o procedente dos concellos de Alfoz e do Valadouro.

O índice socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo. A economía baséase en actividades agropecuarias, explotacións gandeiras e de recursos forestais, esta última actividade emprega a unha gran porcentaxe da poboación activa dos dous concellos. Os pais e nais dos alumnos teñen,

maioritariamente, un nivel de estudos primarios, bacharelato ou FP, e en menor porcentaxe ten estudos superiores.

No proceso de admisión do alumnado da ESO acóllense os alumnos procedentes dos centros adscritos: CEIP Castro de Ouro de Alfoz e CEIP Santa María de O Valadouro. En ocasións algúns alumnos proceden doutras localidades da Mariña, pero iso ocorre puntualmente.

Este Plan Dixital incluírase no Proxecto Educativo do Centro (PEC), aplicarase dende o vindeiro curso 2022-23 e difundirase a través da páxina web do centro. Con este novo plan, analízase a situación actual do centro en competencia dixital, identificando, a partir de varios cuestionarios á comunidade educativa, as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades e a partir de aí, márcanse os obxectivos para o novo curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre o utros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. **Proceso de elaboración.**

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación a realizarse en base a información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para así iniciou a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. **Situación de partida**

2.1. **Servizos dixitais e mantemento dispoñible**

No IES Alfoz-Valadouro cóntase con conexión a rede en todo o centro e un profesional que se encarga do mantemento dos equipos informáticos.

Os equipos informáticos dos que dispoñemos están actualizados e son:

- Un ordenador para o profesor/a en: todas as aulas dos cursos, aula de Tecnoloxía, aula de Informática, Biblioteca, aula de Música, aula de Relixión, aula de Ed. Plástica, Pavillón de deportes e cada departamento didáctico.
- 3 ordenadores na sala de profesores/as, un en cada despacho do equipo directivo, departamento de Orientación, administración e conserxería.
- Á disposición do alumnado: 16 ordenadores na aula de informática, 2 na Biblioteca e 4 na aula de Educación Plástica.
- 7 pizarras dixitais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

As cifras que figuran a continuación mostran a media das respostas dos membros do equipo directivo, o profesorado e o alumnado en relación con cada unha das áreas. A puntuación foi de 0 a 5.

Areas	Grupos	ESO
A-Liderado	Equipo Directivo	2,7
	Profesorado	3,7
	Alumnado	-
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,1
	Alumnado	2,8
C-Infraestructuras e Equipos	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	4
	Alumnado	3,2
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,9
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,9
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,7
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,2
G-Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	2,7
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,6
	Profesorado	4
	Alumnado	3,2

Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	10	80 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	0	2	0 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %
DESPRAZADO(OUTROS)			

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
79,2	Integrador/a(B1)	76,5	Integrador/a(B1)

Puntuación e nivel competencial por etapas.

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	78	Integrador/a(B1)	79,3	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	4	40 %
B1	3	30 %
B2	3	30 %
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	10	100 %

2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUCTURAS - EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Centro dotado de: espazos que posibilitan o uso de recursos dixitais e de pantallas dixitais en todas as aulas. • Dispónse dun entorno virtual de aprendizaxe como a aula virtual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non hai unha estratexia dixital definida. • Falta de conectividade á rede se varios PC están acendidos á vez.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • O claustro é consciente da existencia de recursos e materiais dixitais en liña e gran parte do profesorado úsannos. • O profesorado ten ao seu alcance equipamento dixital actualizado. • Hai un uso responsable da protección de datos no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Somos conscientes sobre os dereitos de autor e as licencias de uso dixitais, pero deberíamos ter un alto coñecemento sobre isto. • Parte do profesorado non domina a creación de contidos dixitais propios. • Temos marxe de mellora á hora de fomentar a creatividade a través das TIC co noso alumnado. • Non se utilizan recursos dixitais para a avaliación nin para a autorreflexión sobre a aprendizaxe. • Falta de motivación na formación en competenci dixital.

	PERSOAL NON DOCENTE		<ul style="list-style-type: none">• Unha pequena parte do persoal non docente ten dificultades no manexo das ferramentas dixitais.
--	---------------------	--	--

	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado móstrase implicado e motivado pola Competencia Dixital. • Competencia dixital media alta por parte do alumnado. • Comportamento seguro e usoresponsable das TIC por parte do noso alumnado. • Alumnado capaz de verificar a calidade da información de internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non empregamos as TIC para que o alumnado aporte comentarios entre eles sobre os seus traballos. • Alumnado con dificultades para resolver problemas técnicos que se poidan presentar. • Descoñecemento sobre programación e codificación.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Gran parte das familias coñecen e usan as ferramentas de comunicación corporativas. 	<p>Unha parte das familias, aquelas con máis descoñecemento sobre as tecnoloxías, non utilizan as ferramentas de comunicación corporativas (como o Abalar).</p>
	OFERTA		<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado non está suficientemente motivado áhora de acceder a formacións en competenciadixital a través do CFR.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Empregamos as ferramentas corporativas para comunicarnos coa comunidade educativa. • Dinamízase o blogue da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • A páxina web do centro non está suficientemente dinamizada. • Non empregamos estratexias dixitais para colaborar con outros centros ou institucións.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> Oferta educativa nos CEFORE adaptada ás necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> Falta de dispoñibilidade horaria por demasiada carga lectiva Limitada asistencia técnica por parte da Consellería.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> Non darlle autonomía aos centros para destinar unha parte do presuposto a incorporar novos dispositivos dixitais. Coordinador TIC con pouca dispoñibilidade horaria para solucionar dúbidas do profesorado.
	CONTORNA		<ul style="list-style-type: none"> Dificultades para que o alumnado traiga o seu propio dispositivo. Alumnado con familias con nivel socioeconómico medio baixo. Dificultades na conexión dende os fogares da zona rural.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> ANPA moi colaborativa; está aberta a calquera proposición que se realice dende o centro. A ANPA organiza actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Non ofrecen actividades ou formación relacionadas coa Competencia Dixital.
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

O grupo de traballo, tras a análise DAFO e a consulta a todo o persoal docente sobre as necesidades máis urxentes no centro en canto a competencia dixital e uso das novas tecnoloxías, cremos que os obxectivos para o novo curso deben ser:

-Impulsar o uso das novas tecnoloxías nas comunicacións entre os membros da comunidade educativa.

Observamos que a comunicación do profesorado coas familias faise, maioritariamente, por vía telefónica, a información que o profesorado transmite aos titores/as sobre o alumnado faise en papel, e as faltas de asistencia apúntanse en papel na aula de cada curso, polo tanto, a análise que se fai desta situación é que non se está utilizando suficientemente o espazo Abalar; nin polo profesorado, nin polas familias.

Ademais a páxina web necesita dinamizarse con máis noticias sobre o que ocorre no centro.

-Actividades para a detección de noticias falsas na rede dunha forma crítica .

Observamos que o alumnado non realiza ningunha actividade práctica sobre a información que recibe na rede. A actitude crítica e a análise correcta de calquer información é importante na seguridade en internet e por iso cremos que se deberían adicar varias sesións de tutoría a esta tarefa.

-Implantación de tabletas con aplicacións educativas na Biblioteca para o uso do alumnado no tempo de lecer.

Observamos que o alumnado non pode acceder a contidos educativos, a través das novas tecnoloxías, durante o recreo. Pretendemos que así poidan ter novos coñecementos e retos e darlle maior variedade ao tempo de descanso.

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo.

“Área/s de mellora”: B . Colaboración e Redes					
1. OBXECTIVO(1):	B5-Establecer canles de comunicación entre os diferentes axentes do proceso ensinanza-aprendizaxe			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Claustro			Nonacadado	
INDICADOR/ESDO OBXECTIVO(2)	% de familias que usan Abalarmóbil. % de profesorado que introduce as faltas de asistencia do alumnado no Xade. % de profesorado que use Abalar para as titorías. % do profesorado e familias/alumnado utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. Valor numérico de publicacións na páxina web.				
Valor de partida(3)	O % das familias usan Abalarmóbil. O 0% do profesorado (non titores) introduce as faltas de asistencia do alumnado. O 7 % do profesorado usa Abalar para as titorías como método principal. O 25 % do profesorado e familias/alumnado utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. 2 publicacións por trimestre.				
Valor previsto e data(4)	O 80 % das familias usan Abalarmóbil. O 80% do profesorado (non titores) introduce as faltas de asistencia do alumnado. O 50 % do profesorado usa Abalar para as titorías como método principal. O 80 % do profesorado e familias/alumnado utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. 4 ou máis publicacións por trimestre.			Final de curso	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN(5)	RESPONSABLES(6)	DATA PREVISTA FIN(7)	RECURSOS NECESARIOS(8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)

AO1.1:Conseguir que as familias instalen o Abalarmóbil nos seus teléfonos.	Equipo Directivo	Outubro	Abalarmóbil aplicación. Páxina web do centro con información sobre a instalación: como loguearse na app.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Compartir coas familias a información das diferentes titorías a través do Abalarmóbil.	Equipo Directivo	Todo o curso	Abalarmóbil aplicación.		Realizada	
					Aprazada	
Pendente						
AO1.3: Conseguir que o profesorado introduzca as faltas de asistencia no Xade.	Equipo Directivo	Todo o curso	Ordenador e conexión en cada aula para uso do profesorado.			
AO1.4: Compartir ca comunidade educative a información do centro a través da páxina web oficial.	Equipo Directivo	Todo o curso	Páxina web do centro.			
AO1.5: Establecer o Abalar entre o profesorado como método de recopilación de información do alumnado para as titorías.	Equipo Directivo	Outubro	Abalar en distintos formatos: móbil, pro, web,...		Realizada	
					Aprazada	
Pendente						

“Área/s de mellora”: H. Competencia dixital do alumnado

1. OBXECTIVO(1):	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado para detectar información falsa.			Acadado		
RESPONSABLE:	Titorías e Departamento de Orientación			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)	Número de noticias falsas detectadas na rede.					
Valor de partida(3)	0 noticias falsas documentadas.					
Valor previsto e data(4)	10 noticias falsas documentadas			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN(5)	RESPONSABLES(6)	DATA PREVISTA FIN(7)	RECURSOS NECESARIOS(8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)	
AO1.1: Crear grupos de traballo na aula para localizer noticias falsas na rede.	Departamento de orientación e titores/as.	Primeiro trimestre.	Equipamento informático e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un listado de sitios sospeitosos de conter noticias falsas.	Alumnado,titores/as e departamento de orientación.	Segundo trimestre.	Equipamento informático e conexión á rede.	Cantidade de direccións sospeitosas de conter novas falsas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C- Infraestructuras e equipos

3. OBXECTIVO (1)	Implementación de 4 tabletas na biblioteca con aplicacións educativas para o uso do alumnado en horario de lecer		Acadado			
Responsable:	Responsable da biblioteca e secretario/a do centro		Non acadado			
INDICADORES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de tabletas na biblioteca para o alumnado Nº de aplicacións educativas a disposición do alumnado na biblioteca					
Valor de partida: (3)	0 tabletas dinamizadas para o alumnado 0 ferramentas educativas a disposición do alumnado					
Valor previsto e data: (4)	4 tabletas dinamizadas para o alumnado 5-7 aplicacións educativas a disposición do alumnado na biblioteca		2º trimestre			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Búsqueda de espazo para a instalación de tabletas a disposición do alumnado na biblioteca.	Responsable da biblioteca.	Setembro 2022	Biblioteca	Realizar os cambios necesarios para a colocación das tabletas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Obtencións de 4 tabletas e colocación na biblioteca.	Responsable da biblioteca e secretario/a do centro	Novembro 2022	Equipos e biblioteca	Adquisición dos aparatos para a súa implantación na biblioteca.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Implementación das aplicacións educativas nas tabletas	Responsable da biblioteca.	Decembro 2022		Correcto funcionamento das aplicacións	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Dar a coñecer entre o alumnado como utilizar as aplicacións.	Responsable da biblioteca.	2º trimestre	Mediante visitas guiadas á biblioteca explicarase como utilizar as aplicacións.	Dar a coñecer a todo alumnado a dispoñibilidade dos equipos e das aplicacións na biblioteca.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar a táboa:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendámosvos que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles**(Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
 - c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
 - d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
 - e. **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.
- (2) **INDICADOR: Define os indicadores que vos permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) **VALOR PREVISTO:** é a cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Que son as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN :** data concreta na que finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN** é recomendable valorar o logro de cada acción de mellora, e é recomendable se utilizamos un indicador **concreto e cuantificable**, respecto á liña de acción.
- (10) **ESTADO:** Podemos utilizar esta mesma táboa para avaliar finalmente o noso plan de xeito rápido, comprobándose o cumprimento do logro de cada liña acción.

3.2 Necesidades de equipamento e infraestructuras tecnolóxicas

As necesidades do centro sería adquirir 15 ordenadores para substituír os que xa teñen moito tempo e dúas pizarras dixitais para as aulas de curso :

- Na sala de profesores renovar os 3 que hai, ademais dous deles practicamente non se usan xa que están dando problemas ao encender.
- Nas aulas de curso necesitaríanse 6, xa que estamos aproveitando os que había, pero non están actualizados. Agora mesmo, hai dúas aulas de curso que non teñen equipos informáticos.
- Nas aulas de materia 6 polo mesmo motivo.
- 2 pizarras dixitais para aulas que quedaron sen elas xa que se trasladaron por mor da pandemia.

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

A avaliación procesual será trimestral e efectuarase polos membros do equipo de dinamización do Plan Dixital. Terán que:

- Avaliar o estado da execución das accións.
- Analizar os resultados e, de ser o caso, determinar posibles modificacións das accións.
- Valorar posibles propostas.

A avaliación final farase ao final do curso e valorarase:

- O logro dos obxectivos para o curso.
- Propostas de mellora para o seguinte curso.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Os membros do equipo de dinamización do Plan Dixital encargaranse de recoller posibles propostas que poidan surxir durante o curso e valorarán se puidesen ser executables ou non. Intentarán elixir novos obxectivos que melloren a competencia dixital dos docentes e do alumnado e favorezan a comunicación con toda a comunidade educativa a través das novas tecnoloxías.

5. Difusión do PD

O Claustro estará informado trimestralmente da execución do Plan e das valoracións que se fagan.

O Plan Dixital, unha vez qprobado polo Claustro e Consello Escolar , difundirase a través da páxina web do centro.